



**PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE PREINSCRIPCIÓN NOS MESTRADOS UNIVERSITARIOS PARA ALUMNOS QUE NON ESTÉN EN POSESIÓN DUN TÍTULO UNIVERSITARIO.**

O artigo 16 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, indica que para acceder ás ensinanzas oficiais de Mestrado, será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro Estado integrante do Espazo Europeo da Educación Superior, que faculte no mesmo para o acceso a ensinanzas de Mestrado.

Na UDC, coa implantación das ensinanzas do EEES, que comezou no curso académico 2008-2009, regulamentouse a posibilidade de que os alumnos, coa finalidade de rematar os seus estudos, podan concorrer a oportunidades adiantadas de avaliación, antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao primeiro cuadrimestre, no caso de cumpriren os requisitos establecidos no artigo 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario.

Neste senso, a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG) e do Traballo de Fin de Mestrado (TFM) da UDC, prevé a posibilidade de que os alumnos que non teñan pendente máis que a superación destes traballos podan defendelos naquelas datas que estableza cada Facultade ou Escola desde o inicio do curso académico ate a data límite de entrega de actas de segunda oportunidade.

Polo exposto, habida conta de que os alumnos da UDC teñen a posibilidade de finalizar os estudos de Grao no primeiro cuadrimestre do curso académico e de que o número de créditos por superar nestas ensinanzas lles permitiría asumir unha preparación previa dos estudos das ensinanzas de Mestrado Universitario,

**O Consello de Goberno da UDC, acorda:**

**Primeiro.-** Os alumnos matriculados en ensinanzas oficiais de Grao na UDC que reúnan os requisitos establecidos no artigo 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario, é dicir: “non ter pendentes máis que a superación de 12 créditos correspondentes a materias das que xa estivesen matriculados nalgún ano académico ou 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG para rematar os seus estudos”, poderán preinscribirse en titulacións de Mestrado Universitario nas seguintes condicións:

**1.1.** Preinscribiranse no derradeiro prazo que se habilite no calendario de preinscripción e matrícula e só se aceptará a súa preinscripción con ocasión de prazas vacantes no derradeiro prazo de matrícula.

**1.2.** O número de alumnos preinscritos non poderá superar o número de prazas aprobado para a titulación, unha vez contabilizado o número de alumnos matriculados.



**1.3.** Establecerase unha prelación na preinscrición destes alumnos, utilizando a nota media do seu expediente académico de Grao.

**1.4.** Non poderán formalizar a súa matrícula na titulación de Mestrado, ate que reúnan os requisitos de acceso previstos no artigo 16 do RD 1393/2007, mencionado na exposición deste acordo.

**1.5.** Non aboarán ningún prezo público na UDC polo feito de ser aceptada a súa preinscrición.

**Segundo.-** Os alumnos que resultaren admitidos nesta preinscrición poderán acudir en calidade de alumnos oíntes ás clases e actividades da titulación.

**Terceiro.-** Unha vez que estes alumnos reúnan os requisitos de acceso aos estudos de Mestrado Universitario poderán solicitar efectuar a súa matrícula ao Decano ou Director do centro no que se imparta o título, que a autorizará ao abeiro da resolución de desconcentración de competencias ditada polo Reitor da UDC para as solicitudes de matrícula fóra de prazo; porén esta matrícula non poderá realizarse máis aló do inicio do prazo para a avaliación de materias do primeiro cuatrimestre, que se estableza no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

Nos Mestrados Universitarios conxuntos con outras universidades, a comisión coordinadora deste fixará este procedemento.

**Cuarto.-** Habida conta de que as titulacións universitarias non pertencentes ao EEES aínda non están definitivamente extinguidas na súa totalidade, aqueles alumnos destas titulacións que non teñan pendentes máis que a superación de dúas materias, ademais do Proxecto de Fin de Carreira (PFC) no seu caso, e poidan rematar os seus estudos no primeiro cuatrimestre do curso académico, poderán acollerse ás mesmas condicións que as indicadas para os alumnos de Grao, respectando o seu propio calendario académico.

*DILIXENCIA para facer constar que o presente  
documento composto de 2 páxina/s numerada/s e  
selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno  
na súa sesión de data 23 de marzo de 2015*

*O secretario xeral*

*Asdo. Carlos Amoedo Souto*